



BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO PARA A SÚA PARTICIPACIÓN DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS+ CURSO 2022-2023

Primeira. Obxecto

O IES Espiñeira, convoca o proceso selectivo para asignar bolsas de mobilidade dentro do Programa Erasmus+, destinadas a estudantes de ciclos formativos de grao medio recentemente titulados para realizar prácticas en países europeos.

Estas bolsas están destinadas a estudantes de ciclos formativos de grao medio, que obteñan o título en xuño do 2023 para realizar as prácticas de marzo a xuño do 2023.

O obxectivo deste programa é promover a aprendizaxe e a formación de estudantes en Europa, así como o coñecemento do idioma e a cultura doutros países, mediante a concesión de bolsas para a realización de prácticas en empresas da Unión Europea.

A duración da mobilidade será como máximo de 100 días.

Segunda. Requisitos para participar

1. Ser alumno/a do IES Espiñeira no curso 2021-2022 ou 2022-2023.
2. Obter o título de ciclo formativo de grao medio nos seguintes períodos:
 - Na convocatoria ordinaria de xuño do 2023.

Terceira. Comisión avaliadora

1. A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora do centro que estará integrada por:
 - Presidente/a: o director/a do centro.
 - Vogais: o/a coordinador/a de programas europeos e dous membros do equipo directivo do centro.
 - Secretario/a: un/unha profesor/a do centro, que actuará con voz e voto.
2. Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.

Cuarta. Criterios de selección

Para a selección dos solicitantes nas mobilidades establécense os seguintes criterios:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo.
 - Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos.
 - Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos.
 - Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos.
2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida (ou inglés no seu defecto) (máximo 4 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

a) Nota media do/a alumno/a no primeiro curso, no caso de que o idioma de traballo estea incluído no currículo do ciclo.

- Aprobado no módulo de inglés (equivalente ao nivel B1): 2 puntos.

b) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas:

- A2: 1 punto.
- B1: 2 puntos.
- B2: 3 puntos.
- C1 y C2: 4 puntos.

c) Proba de inglés realizada no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.

- O exame avaliará coñecementos equivalentes ao nivel B1: Máximo 2 puntos.

3. Competencias persoais e actitudes (máximo 4 puntos).

O comité de selección realizará unha entrevista persoal onde se valorará:

- Grao de madurez e autonomía.
- Nivel de responsabilidade.
- Motivación.
- Capacidade de iniciativa e participación activa.
- Capacidade de organización, de relación e de traballo en equipo.
- Corrección na comunicación verbal e non verbal, e comportamento adecuado á situación.

4. Outros.

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

- 4.1 Aos estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas.
- 4.2 Aos estudantes que nunca participaran nas mobilidades do Programa Erasmus+.

En caso de empate, aplicaranse con carácter preferente e na mesma orde, os criterios anteriores, é dicir, a praza outorgaráselle en primeiro lugar ao/a solicitante con máis puntos no criterio "1". Se continuase o empate, no "2", e así sucesivamente.

Quinta. Información sobre as solicitudes

O prazo de inscrición será ata o 17 de febreiro de 2023.

Para a inscrición, os candidatos entregarán a seguinte documentación en Secretaría:

- Ficha de inscrición.
- Unha copia do DNI.
- A documentación acreditativa (Certificación OFICIAL) de coñecemento de idiomas que poidan aportar.

No caso de que non aporten certificación de coñecemento de linguas estranxeiras, terán a oportunidade de facer unha proba de coñecemento de inglés (comprensión oral e escrita).

Sexta. Adxudicación das prazas e publicidade do proceso de selección

Unha vez feita a baremación das persoas participantes de acordo cos criterios de valoración, publicarase unha listaxe provisional de alumnado seleccionado e unha listaxe de reserva para cubrir eventuais renuncias.

Os solicitantes terán un prazo de cinco días naturais, contados a partir da publicación da listaxe provisional, para a presentación de reclamacións.

Rematado o prazo de reclamacións, publicarase unha listaxe definitiva de solicitantes seleccionados e en reserva.

A publicidade dos actos do proceso de selección, así como as comunicacións procedentes, realizaranse mediante a publicación na web do centro (<http://www.espineira.es/>).

A realización da mobilidade e o destino final sempre estará condicionado á existencia de empresas adecuadas ao perfil profesional e académico do alumnado seleccionado.

Sétima.

Contía das bolsas

A contía destinada a financiar os gastos da mobilidade será unha cantidade fixa calculada sobre a base de importes establecidos polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE). Esta axuda vai destinada a colaborar nos gastos de manutención, viaxes, aloxamento, empresa intermediaria (se fose preciso), seguros e demais gastos. É posible que o beneficiario teña que adiantar parte desta contía.

Oitava. Obrigas dos alumnos/as seleccionados/as

Os/as alumnos/as seleccionados/as con bolsa disporán dun prazo de 3 días naturais dende a publicación para renunciar ou aceptar por escrito á participación no programa na seguinte dirección de correo electrónico: internacional.espineira@gmail.com

Os/as alumnos/as que acepten a participación no programa terán que enviar á anterior dirección de correo electrónico no mesmo prazo de tempo: un compromiso de participación no programa, unha foto carné, Fotocopia DNI, Curriculum Europass (en inglés) e certificación bancaria (con IBAN) para futuros pagos.

Estes/as alumnos/as están obrigados/as a participaren en cantas reunións sexan convocadas pola Coordinación de Programas Internacionais.

O incumprimento destas obrigas implicará a exclusión do programa.

Novena. Normativa aplicable

En calquera caso, a participación neste programa estará suxeita, por norma xeral, aos criterios e bases establecidos na convocatoria de subvencións de proxectos de mobilidade Erasmus+, así como ao establecido nos convenios subscritos polo IES Espíneira, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE).

O desenvolvemento das diferentes mobilidades quedará supeditada á concesión da subvención por parte do SEPIE.

Boiro, a 9 de xaneiro de 2023

María Ana Domínguez Pérez

María Pardavila

Neira *Directora*

Coordinadora de Programas

